



# MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

## CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



# ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios de outorgamento de mencións honoríficas.**
- 3. Aprobación e publicidade da concreción curricular.**



## 1.- Criterios xerais para a avaliación do alumnado

### 1.1 Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. *A decisión será adoptada de xeito colexiado*, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e criterio do profesorado titor. A promoción no resto dos cursos da etapa (1º, 3º e 5º) será automática.

O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumnado. *O equipo docente considerará se a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento*. Nese caso, o equipo docente organizará un *Plan específico de reforzo* para que, durante ese curso, o alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión solo poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais/pais ou persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

No caso de que un alumno/a non promocioe levarase a cabo un *Plan específico de reforzo* oportuno (para a elaboración deste Plan, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021).

Para decidir se un alumno/a promociona ao ciclo ou etapa seguinte estableceranse uns criterios de promoción para cada ciclo da educación primaria que serán recollidos no PCC.

Como norma xeral terase en conta que:

- Para avaliar cada unha das diferentes áreas aplicaránse os criterios de avaliación establecidos no PCC.



- Cando se aprecien nalgún alumno/a dificultades de aprendizaxe con algunha materia avaliada negativamente, o titor ou o profesor que imparte clase nesa materia, adoptará as medidas educativas complementarias que axuden ao alumno/a a acadar os obxectivos programados.
- A aplicación dos criterios de promoción será flexible, xa que ademáis de ter en conta o grao de dominio conseguido nos contidos das distintas áreas ou materias valorarase:
  - *A madurez do alumno*, é decir, o desenvolvemento alcanzado polo alumno/a nas capacidades que necesita para continuar con aproveitamento o seu proceso de ensino-aprendizaxe no ciclo ou etapa seguinte.
  - *A actitude e o esforzo* do alumno/a para progresar na aprendizaxe, superar as dificultades e corrixir erros.
  - As características, posibilidades e intereses dos alumnos en relación co que se considera a mellor opción para que poida acadar as finalidades da etapa.
  - A conveniencia ou non da separación do alumno/a do grupo no que se atopa coas repercusións negativas ou positivas que esta medida poida ocasionar segundo a súa integración no grupo, os seus intereses...
- Para o alumnado con NEE pódese aplicar a flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de Infantil e Primaria (Seguirase o Artigo 58 da Orde do 8 de setembro de 2021). Poderase reducir ou ampliar a permanencia na etapa, por tratarse de alumnado con altas capacidades intelectuais ou o de alumnado con nee. Realizarase no mes de marzo.

#### **AVALIACIÓN ACNEAE:**

- Para a avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, (seguirase o artigo 7 da Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción). Dita avaliación tomará como referente os criterios de



avaliación e os estándares fixados con carácter xeral, estableceranse para o alumnado que o requira, as adaptacións das condicións de realización da avaliación (Para ditas adaptacións dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación, seguirase o Artigo 46 da Orde do 8 de setembro de 2021).

- Para o alumnado que teña autorizada una Adaptación Curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, serán os prefixados en dita adaptación.
- As medidas curriculares e organizativas aplicadas no centro, reflexaranse nos documentos oficiais de avaliación, coas seguintes iniciais: RE: Reforzo Educativo; ACS: Adaptación Curricular; EC: Enriquecemento Curricular; AF: Agrupamento Flexible.

Establécense como *criterios xerais de promoción* os seguintes:

- **Os alumnos/as promocionarán ao ciclo seguinte cun máximo de dúas materias avaliadas negativamente.**
- **Se os alumnos/as teñen dúas áreas avaliadas negativamente, *non promocionarán ao seguinte ciclo se non acadaron os obxectivos mínimos nas áreas de lingua castelá/galega e matemáticas.* Estes obxectivos mínimos estarán recollidos no PCC.**
- Estes criterios serán aplicados de forma flexible e tendo en conta sobre todo o criterio de madurez según o cal promocionará o alumno que teña as capacidades e competencias que lle permitan proseguir con aproveitamento os estudos do ciclo seguinte. Como a avaliación é continua, non establecemos ningún tipo de proba global ao rematar a etapa primaria.
- O alumnado que alcance a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase no curso anterior a través do *Plan específico de*



*reforzo* pertinente.

- Ao finalizar os cursos de 2º e 4º o profesorado emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando, as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.
- Ao finalizar a etapa o alumno dispondrá dun informe elaborado polo seu/súa titor/a sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso do alumnado con NEE, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade á seguinte etapa escolar. (Artigo 6 da Orde 25/01/2022).

## **2.- Criterios do outorgamento de mencións honoríficas**

Atendendo a Orde do 9/06/2016 e á Orde do 25/01/22 (DOG 11/02/22) pola que se actualiza a normativa de avaliación en Primaria aplicaranse os seguintes criterios para o outorgamento de mención honorífica:

- Outorgaráselle ao alumnado de 6º curso de Primaria que obteña una cualificación de Sobresaliente (10), alomenos en catro áreas, sendo instrumentais tres delas. Deberán obter cualificacións de Notable (7 ou 8) nas restantes áreas.
- Outorgaráselle como máximo a un 10% da matrícula de 6º curso de primaria.
- No caso de empates aplicaranse os seguintes criterios:
  - Maior número de Sobresalientes (SB) nas cualificacións finais.
  - Maior número de Notables (8) nas cualificacións finais de 6º de Primaria.
  - Maior porcentaxe de sobresalientes no resto dos cursos da Etapa.

As mencións honoríficas quedarán reflectidas na acta de avaliación do 3º trimestre.



### **3.- Aprobación e publicidade**

#### **3.1.- Aprobación**

- Esta modificación curricular queda aprobada no claustro escolar celebrado o 5 de abril de 2022.

#### **3.2.- Publicidade**

- Esta modificación curricular darase a coñecer a comunidade educativa a través do Consello escolar celebrado o día 5 de abril de 2022.
- Publicarase na páxina web do centro o 8 de abril de 2022.
- Informarase as familias do alumnado do centro a través de Abalarmóbil o 8 de abril de 2022.





